

Maalouf, o galego



XAVIER
QUEIPO

Gardo de Amin Maalouf, boas lembranzas da súa estada en Compostela, convidado pola Edicións Xerais co gallo da presentación na Facultade de Filoloxía da versión galega de *Le Periple de Baldassare*. Daquela fálamos moito e pareceume un tipo agradábel e convencido da necesidade e da bondade da fusión cultural como contraposición ao enfrontamento (que eu tamén detesto). Lin un seu ensaio sobre as cruzadas vistas polos mouros e pareceume revelador, como xa o foran as súas novelas

León o Africano, A Rocha de Tanios ou Samarcanda, por citar só tres. El supoño que terá só vago recordo de min, pois só nos escribimos un par de veces. Se de algo se lembra é de seguro de cando o introducín na degustación do licor café, que tanto lle gorentou. Pasados os anos envieille


"Pareceume un tipo convencido da necesidade da fusión cultural"

unha botella ao seu apartamento de París, mais nunca recibín noticia de se a recibise ou non.

Dende a Asociación de Escritores en Lingua Galega quixemos facelo Escritor Galego Universal, tan-

to polo seu valor literario como pola súa actitude progresista verbo da linguas e das culturas minoritarias e asoballadas. Non o conseguimos por razón de axenda por andar el moi atarefado e ter dubidado nós nas datas (circunstancia que non me perdoarei nunca). Logo viñeron outros candidatos e outras urxencias e Maalouf ficou senón no esquecemento si nunha posición de retagarda.

O caso é que agora mesmo, Amin Maalouf ven de ser agasallado co Premio Príncipe de Asturias e eu alégrome de vez, pois sei que ben merece un recoñecemento ao seu traballo a prol da integración das diferentes culturas, mesmo que o teña que o recibir dunha especie de rei de xoguete, dun soldadiño de chumbo. ●



KOTE RODRIGO/EEA

Amin Maalouf recibirá o Premio Príncipe de Asturias